



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

ANUNCIO

Polo presente faise público que pola Resolución da Alcaldía 260/2026, do 08/05/2026, se aprobáronse as Bases Reguladoras para a “Campaña de promoción do comercio local de Malpica de Bergantiños: “Merca Primavera 2026, sendo estas últimas as que figurarán a continuación.

Bases Reguladoras para a “Campaña de promoción do comercio local de Malpica de Bergantiños: “Merca Primavera 2026

Base primeira: Definición do obxecto

A finalidade destes premios é incentivar que os cidadáns e cidadás se acerquen a coñecer a ampla oferta comercial do noso concello, premiando as súas compras habituais nos comercios adheridos á campaña.

Base segunda: Requisitos dos participantes

Poderán participar nesta promoción, calquera persoa que efectúe as súas compras nos comercios adheridos na campaña do concello de Malpica de Bergantiños, que deberán ter expostos nos seus establecementos comerciais o distintivo de participación.

Base terceira: Publicidade das bases e convocatoria

O concello dará publicidade da presente campaña a través da sede electrónica do concello de Malpica de Bergantiños (<https://www.concellomalpica.com/>) e no Taboleiro de Anuncios Municipal.

Base cuarta: Adhesión dos comercios á campaña

Durante o período comprendido entre o 11 e o 18 de maio de 2026 (ambos incluídos), todos os comercios do concello de Malpica de Bergantiños poderán solicitar adherirse á Campaña de promoción do comercio local de Malpica: MERCA PRIMAVERA 2026, previa difusión mediante información aos comercios do concello.

Base quinta: Duración da campaña

A campaña de promoción do comercio local de Malpica de Bergantiños: MERCA PRIMAVERA 2026, realizarase durante o período comprendido entre o 29 de maio e o 15 de xuño de 2026, ambos inclusive.

Base sexta: Participación

Para participar na “Campaña de promoción do comercio local de Malpica de Bergantiños: MERCA PRIMAVERA 2026” os clientes dos comercios recibirán un boleto por cada 5 € de compra en cada un dos establecementos adheridos, debendo ser depositados ditos boletos nas urnas habilitadas a tal efecto polo Concello e que estarán situadas na Casa do Concello (Avda. Emilio González López, 1) e no Centro Comarcal de Bergantiños (A Camposa s/n, Buño)

Base sétima: Premios

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es/> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

Outorgarase un total de 5 premios por valor de 200 euros cada un deles.

Os beneficiados comprométese a gastar o importe dos premios nos comercios do concello de Malpica de Bergantiños adheridos a esta campaña MERCA PRIMAVERA 2026, do contrario iniciaríase contra eles un expediente de reintegro por dito importe.

Para elo, xunto coa correspondente notificación do acordo de concesión de premios se lles remitirá unha relación de todos os comercios onde poderán efectuar as compras.

Base oitava: Composición do xurado

O xurado estará composto polos seguintes membros:

O concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego, Mar Comercio e Medio Rural.

O alcalde do concello de Malpica de Bergantiños.

O Axente de Desenvolvemento Local do concello de Malpica de Bergantiños ou ou en ausencia desta calquera outro funcionario da corporación.

O Administrativo de Servizos Económicos ou en ausencia deste calquera outro funcionario da corporación.

Para que o xurado estea validamente constituído será necesaria a asistencia como mínimo de 3 persoas e exercerá de secretaria/o un funcionario do Concello de Malpica de Bergantiños, que actuará sen voz nin voto.

Base novena: Xestión do Sorteio

1. Reparto dos boletos.

Os boletos serán proporcionados polo concello de Malpica de Bergantiños antes do 28 de maio de 2026.

2. Celebración do sorteo.

A celebración do sorteo terá lugar o 16 de xuño de 2026, ás 11:00 horas no Salón de Plenos do concello de Malpica de Bergantiños.

O sorteo, que será público e retransmitido en directo polo facebook do concello de Malpica de Bergantiños, comezará coa extracción ao chou de cantos boletos sexan necesarios para outorgar todos os premios (5).

O concelleiro de Promoción Económica, Emprego, Mar Comercio e Medio Rural elevará a proposta de concesión de ditos premios á alcaldía, quen resolverá, antes de dous días hábiles, a concesión dos mesmos por resolución de alcaldía e publicaranse na sede electrónica do concello de Malpica de Bergantiños (<https://www.concellomalpica.com/>) e no Taboleiro de Anuncios Municipal.

3. Entrega de premios.

Antes do 19 de xuño, a alcaldía resolverá por resolución a ordenación de pagos dos premios aos beneficiarios, segundo as normas expostas anteriormente.

A entrega de premios efectuarase en acto público, mediante a entrega dun cheque bancario co importe do premio correspondente e terá lugar o día 19 de xuño de 2026 ás 11:00 horas no Salón de Plenos do concello de Malpica de Bergantiños, debendo persoarse ao acto, os

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

gañadores do sorteo ou os seus representantes para a recepción do premio, debidamente identificados mediante a presentación do DNI/permiso de residencia ou documento de representación autorizando a recollida do mesmo. No caso de que o gañador sexa menor de idade, deberá asistir acompañado do titor legal.

Base décima: Compatibilidade con outros premios ou dotacións

Non se poderá acumular nun mesmo beneficiado, máis dun premio dos previstos nesta campaña.

Base décimo primeira: Autorización do gasto.

Autorizar o gasto (fase A) a cargo da aplicación 433.480.00 por importe total de 1.000,00 €.

Base décimo segunda: Xustificación do gasto do premio

Os premiados dispoñerán ata o 19 de xullo de 2026 para aportar ao concello, a documentación necesaria para xustificar que o importe do premio se consumiu nos comercios participantes na promoción.

No suposto de non presentar dita xustificación en prazo ou ben haberse consumido en comercios non participantes da promoción procederá o reintegro do importe do premio.

Base décimo terceira: Tratamento fiscal dos premios.

Os premios concedidos tributarán como ganancia patrimonial de conformidade co disposto no artigo 33 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio.

Non existe obrigación de practicar retención ou ingreso a conta dado que de conformidade ao artigo 75.3. f) non superan os 300 euros.

Base décimo cuarta: Aceptación das bases

A participación no sorteo da Campaña de promoción do comercio local de Malpica de Bergantiños: MERCA PRIMAVERA 2026 comporta a total aceptación das presentes bases.

Base décimo quinta: Cancelación, supresión ou modificación do sorteo.

Cando circunstancias no imputables ao concello de Malpica de Bergantiños e non previstas nestas bases, o xustifiquen, este poderá, polo seu só arbitrio, cancelar, suspender ou modificar total ou parcialmente o sorteo sen que elo xere dereito de compensación algunha a favor dos comerciantes ou participantes.

Base décimo sexta: Protección de datos

De conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase ás persoas participantes na campaña “Merca Primavera 2026” de que os datos persoais facilitados na papeleta serán tratados polo Concello de Malpica de Bergantiños coa finalidade exclusiva de xestionar a súa participación no sorteo vinculado á devandita campaña, comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos nas bases, contactar coa persoa ou persoas gañadoras, entregar os

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

premios e realizar as actuacións administrativas necesarias derivadas da organización, resolución e xustificación do sorteo.

Os datos persoais facilitados non serán utilizados para outras campañas, servizos, comunicacións comerciais, actividades da área de comercio ou información municipal allea á xestión da campaña “Merca Primavera 2026”.

A base xurídica do tratamento é o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao Concello, así como, no seu caso, o cumprimento das obrigas legais que resulten aplicables. A achega dos datos solicitados será necesaria para poder participar no sorteo, polo que a súa falta de facilitación poderá impedir a participación.

Os datos poderán ser comunicados, cando resulte necesario, ás entidades ou organismos competentes para o cumprimento de obrigas legais, así como aos terceiros que participen na xestión material do sorteo ou na entrega dos premios, sempre dentro das finalidades previstas nas presentes bases.

Os datos conservaranse durante o tempo necesario para xestionar a campaña “Merca Primavera 2026”, resolver o sorteo, entregar os premios e atender as posibles responsabilidades administrativas, legais ou fiscais derivadas da súa organización. Transcorrido o devandito prazo, os datos serán suprimidos ou bloqueados nos termos legalmente previstos.

As persoas participantes poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e, cando proceda, portabilidade, mediante solicitude dirixida ao Concello de Malpica de Bergantiños, na dirección que se indique nas presentes bases ou a través da sede electrónica municipal. Así mesmo, poderán presentar reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Co fin de garantir a transparencia do sorteo e difundir o resultado da campaña, o Concello poderá publicar a identificación da persoa ou persoas gañadoras da campaña “Merca Primavera 2026” nos medios municipais habituais, limitándose aos datos estritamente necesarios para acreditar o resultado do sorteo e a correcta adxudicación dos premios.

A captación e difusión de imaxes das persoas gañadoras, ou doutras persoas acompañantes, con fins informativos ou promocionais relacionados coa campaña “Merca Primavera 2026”, realizarase unicamente cando se conte coa correspondente autorización específica da persoa afectada. No caso de menores de idade, será necesaria a autorización dos seus representantes legais.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

ANEXO I.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CAMPAÑA “MERCA PRIMAVERA 2026”

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CAMPAÑA “MERCA PRIMAVERA 2026”		
1.- DATOS PERSOAIS		
NOME E APELIDOS		
DOMICILIO		
LOCALIDADE		C. P:
TELÉFONO FIXO:		MÓBIL:
CORREO ELECTRÓNICO		

2.- DATOS DO ESTABLECEMENTO		
NOME COMERCIAL:		
DOMICILIO		
LOCALIDADE		C. P:

FINALIDADE: PARTICIPACIÓN NA CAMPAÑA “MERCA PRIMAVERA 2026”

EXPÓN:

Que coñece as Bases da Campaña “MERCA PRIMAVERA 2026”, convocado polo Concello de Malpica de Bergantiños, e cumpre os requisitos establecidos para a participación no mesmo.

Coa presentación da solicitude ACEPTO integramente as bases e condicións establecidas para a adhesión.

De igual maneira, COMPROMÉTOME a entregar os xustificantes das compras realizadas polos beneficiarios para poder xustificar o gasto dos premios.

Por todo o exposto, **SOLICITA:**

A miña inclusión como participante na Campaña “MERCA PRIMAVERA 2026” convocado polo Concello de Malpica de Bergantiños.

Acompaño xunto con esta solicitude os seguintes documentos:

- NIF do solicitante
- CIF da entidade, no caso de persoas xurídicas, así como o NIF do presidente ou representante.

A inscrición como participante, implica o coñecemento e aceptación do seu

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es/> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

regulamento.

En Malpica de Bergantiños, a ____ de _____ de 2026

Sinatura do interesado /a .

Á atención da Concellería de Promoción Económica, Emprego, Mar Comercio e Medio Rural do concello de Malpica de Bergantiños”

Asinado dixitalmente

O alcalde

Eduardo José Parga Veiga